

trais do Penal, os xulgados centrais do Contencioso-Administrativo e o Xulgado Central de Menores teñen xurisdicción en toda España.»

Segundo. Modifícase o artigo 6, que queda redactado da seguinte maneira:

«O Tribunal Supremo, a Audiencia Nacional, os xulgados centrais de Instrucción, os xulgados centrais do Penal, os xulgados centrais do Contencioso-Administrativo e o Xulgado Central de Menores teñen a súa sede na vila de Madrid.»

Terceiro. Modifícase o artigo 19, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. A planta do Xulgado Central de Menores e dos xulgados de Menores é a establecida no anexo XI desta lei.

2. O Xulgado Central de Menores e os xulgados de Menores deberán ser servidos por maxistrados.

3. A provisión do Xulgado Central de Menores e dos xulgados de Menores faise mediante concurso, que se resolve a favor dos que acrediten a especialización correspondente na Escola Xudicial e teñan mellor posto no escalafón e, no seu defecto, a favor dos maxistrados con mellor posto no escalafón.»

Cuarto. Modifícase o artigo 61, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os xulgados de Menores terán a competencia establecida na lexislación reguladora da responsabilidade penal dos menores.

2. As audiencias provinciais coñecerán dos recursos interpostos contra as resolucións dos xulgados de Menores no ámbito da súa respectiva provincia, sen prexuízo do disposto na lexislación reguladora da responsabilidade penal dos menores para a Audiencia Nacional.»

Quinto. Modifícase parcialmente o anexo XI da Lei 38/1988, do 28 de decembro, no sentido de incorporar a el un Xulgado Central de Menores.

Disposición adicional única.

Tódolos preceptos contidos na presente lei teñen carácter orgánico, con excepción do disposto no artigo cuarto, que ten carácter ordinario.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción do disposto no seu artigo segundo, que entrará en vigor o día en que o faga a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

23660 LEI ORGÁNICA 8/2000, do 22 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. («BOE» 307, do 23-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O 12 de xaneiro de 2000 publicouse no Boletín Oficial del Estado a Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e detectáronse durante a súa vixencia aspectos nos que a realidade do fenómeno migratorio supera as previsións da norma.

O mesmo tempo, a nosa normativa debe ser conforme cos compromisos asumidos por España, concretamente, coas conclusións adoptadas polos xefes de Estado e de Goberno dos estados membros da Unión Europea os días 16 e 17 de outubro de 1999 en Tampere, sobre a creación dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza.

A reforma da Lei orgánica 4/2000 parte da situación e características da poboación estranxeira en España, non só na actualidade, senón de cara ós anos vindeiros, regulándose a inmigración desde a consideración desta como un feito estrutural que converteu España nun país de destino dos fluxos migratorios e, pola súa situación, tamén nun punto de tránsito cara a outros estados, nos que os controis fronteirizos nas rutas desde o noso foron eliminados ou reducidos substancialmente.

Por outra parte, esta normativa forma parte dun deseño global e coordinado no tratamento do fenómeno migratorio en España, que considera desde unha visión ampla tódolos aspectos vinculados a el, e, por iso, non só desde unha única perspectiva, como poida se-la do control de fluxos, a da integración dos residentes estranxeiros, ou a do codesenvolvemento dos países de orixe, senón todas elas conxuntamente.

II

A presente lei orgánica contén tres artigos. O primeiro dedícase á modificación do articulado da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, mentres que o artigo segundo modifica a disposición adicional única, engadindo unha nova disposición adicional, e o terceiro adecua os títulos e capítulos desta á reforma efectuada.

A Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, conserva a súa estrutura articulada en torno a un título preliminar dedicado a disposicións xerais e onde aparece concretado o ámbito da súa aplicación, catro títulos, e péchase coas oportunas disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e derradeiras. O título I recolle os artigos dedicados ós «Dereitos e liberdades dos estranxeiros», título II sobre «Réxime xurídico dos estranxeiros», título III «Das infraccións en materia de estranxeiría e o seu réxime sancionador» e finalmente o título IV relativo á «Coordinación dos poderes públicos en materia de inmigración».

III

A modificación do título preliminar é unha simple mellora gramatical na definición dos estranxeiros, conservándose as exclusións do ámbito da lei que se establecían na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

IV

Respecto á modificación do título I, de contido especialmente importante, perseguiuse cumpri-lo mandato constitucional do artigo 13, que establece que os estranxeiros gozarán en España das liberdades públicas que garante o título I desta, nos termos que establezan os tratados e a lei, así como a xurisprudencia ó respecto do Tribunal Constitucional (sentencias do Tribunal Constitucional 107/1984, do 23 de novembro; 99/1985, do 30 de setembro; 115/1987, do 7 de xullo, etc.). Conxugouse este mandato constitucional cos compromisos internacionais adquiridos por España, especialmente como país membro da Unión Europea.

Os xefes de Estado e de Goberno dos estados membros da Unión Europea acordaron o mes de outubro de 1999, en Tampere, que se debía garantir un trato xusto ós nacionais de países terceiros que residisen legalmente no territorio dos seus estados membros. Unha política de integración debe dirixirse a lles conceder a estes residentes dereitos e obrigas comparables ós dos cidadáns da Unión, así como a fomenta-la ausencia de discriminación na vida económica, social e cultural e ó desenvolvemento de medidas contra o racismo e a xenofobia.

As modificacións introducidas a este título I da lei destacan pola preocupación en lles recoñecer ós estranxeiros a máxima cota de dereitos e liberdades. No número 1 do artigo 3 establécese que, como criterio interpretativo xeral, se entenderá que os estranxeiros exercen os dereitos que lles recoñece esta lei en condicións de igualdade cos españois.

V

Con relación ó título II da lei orgánica, relativo ó réxime xurídico das situacións dos estranxeiros, a premisa que informou as modificacións efectuadas sobre o seu articulado foi a de establecer un réxime de situacións e permisos que incentiven os estranxeiros a entraren e residiren no noso país dentro do marco da regularidade, fronte á entrada e estancia irregular.

Este título foi adaptado ó establecido respecto á entrada, réxime de expedición de visados, estancia e prórroga de estancia no convenio de aplicación do Acordo de Schengen, en tanto que España forma parte deste acordo.

Mantívose a situación de residencia temporal e residencia permanente dos estranxeiros, introducíndose a posibilidade de concesión dun permiso de residencia temporal cando concorran razóns humanitarias ou circunstancias excepcionais.

Establécese unha diferenza entre a situación das persoas apátridas e a de todos aqueles estranxeiros que, non podendo ser documentados por ningún país, desexan obter unha documentación en España que acredite a súa identidade.

Respecto á regulación do permiso de traballo que autoriza os estranxeiros a realizar en España actividades lucrativas por conta propia ou allea, clarifícase a diferenza entre este permiso e a mera situación de residencia legal, sendo igualmente destacable o tratamento concedido neste novo texto ó continxente de traballadores estranxeiros, establecéndose unhas excepcións a este con base en circunstancias determinadas pola situa-

ción do traballador estranxeiro. En definitiva, artículase un réxime documental que facilita que o estranxeiro que desexe traballar no noso país, o poida facer con tódalas garantías e dereitos.

Finalmente, modificouse, para adecualo á normativa vixente sobre taxas, o capítulo IV deste título, relativo ás taxas por autorizacións administrativas. O texto da Lei orgánica 4/2000 soamente facía referencia ás taxas por autorizacións administrativas para traballar en España.

VI

No título III, relativo ás infraccións en materia de estranxeiría e o seu réxime sancionador, introducíronse modificacións que poden sintetizarse en dous epígrafes: medidas relativas á loita contra a inmigración ilegal e mellora dos mecanismos para evita-la inmigración ilegal.

Respecto ó primeiro punto, é necesario destacar dúas cuestións distintas, como son as sancións ás compañías de transporte e as sancións que van dirixidas contra os que organizan redes para o tráfico de seres humanos.

A reforma inclúe no contido da lei orgánica, conforme os compromisos internacionais subscritos por España, como membro de Schengen, sancións ós transportistas que trasladen estranxeiros ata o territorio español sen verificaren que cumpren os requisitos para a entrada.

Respecto ás sancións dirixidas contra o tráfico de persoas, introdúcese medidas para afondar na loita contra ese tráfico e explotación de seres humanos, permitindo o control de determinadas actividades vinculadas a este ou facilitando a neutralización dos medios empregados polos traficantes.

Por outra parte, partindo de que nun Estado de dereito é necesario establece-los instrumentos que permitan facer efectivo o cumprimento das normas, neste caso, daquelas que rexen a entrada e permanencia en territorio español, introduciuse como infracción sancionable con expulsión a permanencia de forma ilegal no territorio español, pretendéndose, con isto, incrementar-la capacidade de actuación do Estado en canto ó control da inmigración ilegal, ó nivel doutros estados membros da Unión Europea, que contan nos seus ordenamentos xurídicos coa posibilidade de expulsa-los estranxeiros que se atopen nesta situación, un criterio que se reflicte nas conclusións do Consello Europeo de Tampere.

VII

Finalmente, respecto ó título IV da lei orgánica, relativo á coordinación dos poderes públicos en materia de inmigración, revisouse a definición do Foro para a Integración Social dos Inmigrantes, enfocando a función de consulta, información e asesoramento deste órgano cara á integración dos inmigrantes que se atopan en España, que é un dos principais obxectivos da lei.

Artigo primeiro. *Reforma do articulado da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.*

Os artigos da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, que a continuación se relacionan, quedarán redactados como segue:

1. O artigo 1 queda redactado da seguinte forma:
«Artigo 1. *Delimitación do ámbito.*

1. Considéranse estranxeiros, para os efectos da aplicación desta lei, os que carezan da nacionalidade española.

2. O disposto nesta lei entenderase, en todo caso, sen prexuízo do establecido en leis especiais e nos tratados internacionais nos que España sexa parte.»
2. O número 1 do artigo 3 modifícase como segue:
- «Artigo 3. *Dereitos dos estranxeiros e interpretación das normas.*
1. Os estranxeiros gozarán en España dos dereitos e liberdades recoñecidos no título I da Constitución nos termos establecidos nos tratados internacionais, nesta lei e nas que regulen o exercicio de cada un deles. Como criterio interpretativo xeral, entenderase que os estranxeiros exercen os dereitos que lles reconece esta lei en condicións de igualdade cos españois.»
3. O número 2 do artigo 5 queda redactado como segue:
- «Artigo 5. *Dereito á liberdade de circulación.*
2. Non obstante, poderán establecerse medidas limitativas específicas cando se acorden na declaración de estado de excepción ou sitio nos termos previstos na Constitución, e excepcionalmente por razóns de seguridade pública, de forma individualizada, motivada e en proporción ás circunstancias que concorran en cada caso, por resolución do ministro do Interior, adoptada de acordo coas garantías xurídicas do procedemento sancionador previsto na lei. As medidas limitativas, a duración das cales non excederá do tempo imprescindible e proporcional á persistencia das circunstancias que xustificaron a súa adopción, poderán consistir na presentación periódica ante as autoridades competentes e no afastamento de fronteiras ou núcleos de poboación concretados singularmente.»
4. O artigo 6 queda redactado como segue:
- «Artigo 6. *Participación pública.*
1. Os estranxeiros residentes en España poderán ser titulares do dereito de sufraxio nas eleccións municipais, atendendo a criterios de reciprocidade, nos termos que por lei ou tratado sexan establecidos para os españois residentes nos países de orixe daqueles.
2. Os estranxeiros residentes, empadroados nun municipio, teñen tódolos dereitos establecidos por tal concepto na lexislación de bases de réxime local, e poderán ser oídos nos asuntos que os afecten de acordo co que dispoñan os regulamentos de aplicación.
3. Os concellos incorporarán ó padrón e manterán actualizada a información relativa ós estranxeiros que residan no municipio.
4. Os poderes públicos facilitarán o exercicio do dereito de sufraxio dos estranxeiros nos procesos electorais democráticos do país de orixe.»
5. O número 1 do artigo 7 queda redactado como segue:
- «Artigo 7. *Liberdades de reunión e manifestación.*
1. Os estranxeiros terán o dereito de reunión, conforme as leis que o regulan para os españois e que poderán exercer cando obteñan autorización de estancia ou residencia en España.»
6. O artigo 8 queda redactado como segue:
- «Artigo 8. *Liberdade de asociación.*
- Tódolos estranxeiros terán o dereito de asociación, conforme as leis que o regulan para os españois e que poderán exercer cando obteñan autorización de estancia ou residencia en España.»
7. O artigo 9 queda redactado como segue:
- «Artigo 9. *Dereito á educación.*
1. Tódolos estranxeiros menores de dezaoito anos teñen dereito e deber á educación nas mesmas condicións cós españois, dereito que comprende o acceso a un ensino básico, gratuíto e obrigatorio, á obtención da titulación académica correspondente e ó acceso ó sistema público de bolsas e axudas.
2. No caso da educación infantil, que ten carácter voluntario, as administracións públicas garantirán a existencia dun número de prazas suficientes para asegura-la escolarización da poboación que o solicite.
3. Os estranxeiros residentes terán dereito á educación de natureza non obrigatoria nas mesmas condicións cós españois. En concreto, terán dereito a acceder ós niveis de educación e ensino non previstos no punto anterior e á obtención das titulacións que correspondan a cada caso, e ó acceso ó sistema público de bolsas e axudas.
4. Os poderes públicos promoverán que os estranxeiros residentes que o necesiten poidan recibir un ensino para a súa mellor integración social, con recoñecemento e respecto á súa identidade cultural.
5. Os estranxeiros residentes poderán acceder ó desempeño de actividades de carácter docente ou de investigación científica de acordo co establecido nas disposicións vixentes. Así mesmo, poderán crear e dirixir centros de acordo co establecido nas disposicións vixentes.»
8. O artigo 10 queda redactado como segue:
- «Artigo 10. *Dereito ó traballo e á Seguridade Social.*
1. Os estranxeiros que reúnan os requisitos previstos nesta lei orgánica e nas disposicións que a desenvolven terán dereito a exercer unha actividade remunerada por conta propia ou allea, así como ó acceso ó sistema da Seguridade Social, de conformidade coa lexislación vixente.
2. Os estranxeiros residentes en España poderán acceder, en igualdade de condicións cós nacionais dos estados membros da Unión Europea, como persoal laboral ó servizo das administracións públicas, de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade. Para tal efecto poderán presentarse ás ofertas de emprego público que convoquen as administracións públicas.»
9. O artigo 11 queda redactado como segue:
- «Artigo 11. *Liberdade de sindicación e folga.*
1. Os estranxeiros terán dereito a sindicarse libremente ou a afiliarse a unha organización profesional, nas mesmas condicións cós traballadores españois, que poderán exercer cando obteñan autorización de estancia ou residencia en España.
2. De igual modo, cando estean autorizados a traballar, poderán exercer-lo dereito de folga.»

10. O artigo 13 queda redactado como segue:

«Artigo 13. *Dereito a axudas en materia de vivenda.*

Os estranxeiros residentes teñen dereito a acceder ó sistema público de axudas en materia de vivenda nas mesmas condicións cós españois.»

11. O número 1 do artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Suxeición dos estranxeiros ós mesmos impostos cós españois.*

1. Sen prexuízo do disposto nos acordos aplicables sobre dobre imposición internacional, os estranxeiros estarán suxeitos, con carácter xeral, ós mesmos impostos cós españois.»

12. Os números 2 e 3 do artigo 16 quedan redactados como segue:

«Artigo 16. *Dereito á intimidade familiar.*

2. Os estranxeiros residentes en España teñen dereito a reagrupar con eles os familiares que se determinan no artigo 17.

3. O cónxuxe que adquirise a residencia en España por causa familiar e os seus familiares con el agrupados conservarán a residencia aínda que se rompa o vínculo matrimonial que deu lugar á adquisición.

Regulamentariamente, poderase determinalo tempo previo de convivencia en España que se teña que acreditar nestes supostos.»

13. Engádeselle un segundo punto ó artigo 17 e o primeiro punto do artigo 17 queda redactado como segue, suprimíndose as letras e) e f) deste artigo, e engádense dous novos artigos cos números 18 e 19:

«Artigo 17. *Familiares reagrupables.*

1. O estranxeiro residente ten dereito a reagrupar con el en España os seguintes familiares:

d) Os ascendentes do reagrupante ou o seu cónxuxe, cando estean ó seu cargo e existan razóns que xustifiquen a necesidade de autorizala súa residencia en España.

2. Regulamentariamente, determinaranse as condicións para o exercicio do dereito de reagrupamento e, en especial, do que corresponda ós que adquirisen a residencia en virtude dun previo reagrupamento.

Artigo 18. *Procedemento para o reagrupamento familiar.*

1. Os estranxeiros que desexen exercer este dereito deberán solicitar unha autorización de residencia por reagrupamento familiar a favor dos membros da súa familia que desexen reagrupar. Ó mesmo tempo, deberán presentala proba de que dispoñen dun aloxamento adecuado e dos medios de subsistencia suficientes para atender as necesidades da súa familia unha vez reagrupada.

2. Poderán exercer-lo dereito ó reagrupamento cos seus familiares en España cando residisen legalmente un ano e teñan autorización para residir polo menos outro ano.

3. Cando se acepte a solicitude de reagrupamento familiar, a autoridade competente expedirá a favor dos membros da familia que se vaian reagrupar a autorización de residencia, a duración da cal será igual ó período de validez da autorización de residencia da persoa que solicita o reagrupamento.

4. Regulamentariamente, determinaranse as condicións para o exercicio do dereito de reagrupamento polos que adquirisen a residencia en virtude dun previo reagrupamento.

Artigo 19. *Efectos do reagrupamento familiar en circunstancias especiais.*

1. O cónxuxe poderá obter unha autorización de residencia independente cando:

- a) Obteña unha autorización para traballar.
- b) acredite ter vivido en España co seu cónxuxe durante dous anos. Este prazo poderá ser reducido cando concorran circunstancias de carácter familiar que o xustifiquen.

2. Os fillos reagrupados obterán unha autorización de residencia independente nos casos seguintes:

- a) Cando alcancen a maioría de idade.
- b) Cando obteñan unha autorización para traballar.»

14. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 18, engadíndose un novo número e quedando redactados como segue, nun artigo que pasa a ser 20:

«Artigo 20. *Dereito á tutela xudicial efectiva.*

2. Os procedementos administrativos que se establezan en materia de estranxeiría respectarán en todo caso as garantías previstas na lexislación xeral sobre procedemento administrativo, especialmente no relativo a publicidade das normas, contradicción, audiencia do interesado e motivación das resolucións, salvo o disposto no artigo 27 desta lei.

3. Nos procedementos administrativos estarán lexitimadas para intervir como interesadas as organizacións constituídas legalmente en España para a defensa dos inmigrantes, expresamente designadas por estes.

4. Nos procesos contencioso-administrativos en materia de estranxeiría estarán lexitimadas para intervir as entidades que resulten afectadas nos termos previstos polo artigo 19.1.b) da Lei reguladora da dita xurisdicción.»

15. O número 2 do artigo 19 queda redactado como segue, nun artigo que pasa a ser 21:

«Artigo 21. *Dereito ó recurso contra os actos administrativos.*

2. O réxime de executividade dos actos administrativos dictados en materia de estranxeiría será o previsto con carácter xeral na lexislación vixente, salvo o disposto nesta lei para a tramitación de expedientes de expulsión con carácter preferente.»

16. O artigo 20 queda redactado como segue, pasando a ser 22:

«Artigo 22. *Dereito á asistencia xurídica gratuíta.*

1. Os estranxeiros que se atopen en España e que carezan de recursos económicos suficientes segundo os criterios establecidos na normativa de asistencia xurídica gratuíta teñen dereito a esta nos procedementos administrativos ou xudiciais que poidan levar á denegación da súa entrada, á súa devolución ou expulsión do territorio español e en tódolos procedementos en materia de asilo. Ademais, terán dereito á asistencia de intérprete se non comprenden ou falan a lingua oficial que se utilice.

2. Os estranxeiros residentes que acrediten insuficiencia de recursos económicos para litigar terán dereito á asistencia xurídica gratuíta en iguais condicións cós españois nos procesos nos que sexan parte, calquera que sexa a xurisdicción na que se sigan.»

17. O artigo 21.2.e) queda redactado nos seguintes termos, pasando a ser artigo 23:

«Artigo 23.2.e)

e) Constitúe discriminación indirecta todo tratamento derivado da adopción de criterios que prexudiquen os traballadores pola súa condición de estranxeiros ou por pertenceren a unha determinada raza, relixión, etnia ou nacionalidade.»

18. O número 1 do artigo 23 queda redactado como segue, pasando a ser 25:

«Artigo 25. *Requisitos para a entrada en territorio español.*

1. O estranxeiro que pretenda entrar en España deberá facelo polos postos habilitados para o efecto, estar provisto do pasaporte ou documento de viaxe que acredite a súa identidade, que se considere válido para tal fin en virtude de convenios internacionais subscritos por España e non estar suxeito a prohibicións expresas. Así mesmo, deberá presentalos documentos que se determinen regulamentariamente que xustifiquen o obxecto e condicións de estancia, e acreditar medios de vida suficientes para o tempo que pretenda permanecer en España, ou estar en condicións de obter legalmente estes medios.»

19. O artigo 24 queda redactado como segue, pasando a ser 26:

«Artigo 26. *Prohibición de entrada en España.*

1. Non poderán entrar en España, nin obter un visado para tal fin, os estranxeiros que fosen expulsados, mentres dure a prohibición de entrada, así como aqueles que a teñan prohibida por outra causa legalmente establecida ou en virtude de convenios internacionais nos que sexa parte España.

2. Os estranxeiros que non cumpran os requisitos establecidos para a entrada seralles denegada mediante resolución motivada, con información sobre dos recursos que poidan interpor contra ela, prazo para facelo e autoridade ante a que deben formalizalo, e do seu dereito á asistencia letrada, que poderá ser de oficio, e de intérprete, que comezará no momento mesmo de efectuarse o control no posto fronteirizo.»

20. O artigo 25 queda redactado como segue, pasando a ser 27:

«Artigo 27. *Expedición do visado.*

1. O visado solicitarase e expedirase nas misións diplomáticas e oficinas consulares de España, e habilitará o estranxeiro para presentarse nun posto fronteirizo español e solicita-la súa entrada. Excepcionalmente, os visados de estancia poderán ser solicitados e expedidos no posto habilitado para a entrada.

2. Regulamentariamente, establecerase a normativa específica do procedemento de concesión e expedición de visados, conforme o previsto na disposición adicional décimo primeira da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Nese procedemen-

to poderá requirirse a comparecencia persoal do solicitante.

3. O exercicio da potestade de outorgamento ou denegación de visados suxeitarase ós compromisos internacionais vixentes na materia e orientarse ó cumprimento dos fins da política exterior do Reino de España e doutras políticas públicas españolas ou da Unión Europea, como a política de inmigración, a política económica e a de seguridade cidadá.

4. Para supostos excepcionais poderán fixarse por vía regulamentaria outros criterios ós que deba someterse o outorgamento e denegación de visados.

5. A denegación de visado deberá ser motivada cando se trate de visados de residencia para reagrupamento familiar ou para o traballo por conta allea. Se a denegación se debe a que o solicitante do visado está incluído na lista de persoas non admisibles prevista no convenio de aplicación do Acordo de Schengen do 14 de xuño de 1990, comunicaráselle así de conformidade coas normas establecidas por este convenio.

A resolución expresará os recursos que contra ela procedan, órgano ante o que deberán presentarse e prazo para interpolos.»

21. O número 3.c) do artigo 26 queda redactado como segue, pasando a ser 28:

«Artigo 28. *Da saída de España.*

3.c) Denegación administrativa das solicitudes formuladas polo estranxeiro para continuar permanecendo en territorio español, ou falta de autorización para encontrarse en España.»

22. Engádenselle dous novos números ó artigo 27, que figuran como 2 e 3, como segue, quedando a redacción orixinal deste artigo como número 1 deste, pasando a ser 29:

«Artigo 29. *Enumeración das situacións.*

2. A residencia temporal e permanente, así como a prórroga de estancia, deberán ser autorizadas polo Ministerio do Interior.

3. Son estranxeiros residentes os que obtiven un permiso de residencia temporal ou de residencia permanente.»

23. Modifícase o número 3 do artigo 28, como segue, introducándose un novo número neste artigo, que figura como 4, pasando a ser 30:

«Artigo 30. *Situación de estancia.*

3. Nos supostos de entrada con visado, cando a duración deste sexa inferior a tres meses, poderase prorrogala estancia, que en ningún caso poderá ser superior a tres meses, nun período de seis meses.

4. Nos supostos de entrada sen visado, cando concorran circunstancias excepcionais que o xustifiquen, poderá autorizarse a estancia dun estranxeiro no territorio español máis alá de tres meses.»

24. Modifícanse os números 2, 3, 4 e 5 do artigo 29, como segue, engadíndose dous novos puntos, coa numeración que corresponde, pasando a ser 31:

«Artigo 31. *Situación de residencia temporal.*

2. A situación de residencia temporal concederáselle ó estranxeiro que acredite dispor de medios de vida suficientes para atende-los seus gas-

tos de manutención e estancia, incluíndo, de se-lo caso, os da súa familia, durante o período de tempo polo que a solicite sen necesidade de realizar actividade lucrativa, se propoña realizar unha actividade económica por conta propia ou allea e obtívase a autorización administrativa para traballar a que se refire o artigo 34 desta lei, ou sexa beneficiario do dereito ó reagrupamento familiar. Regulamentariamente estableceranse os criterios para os efectos de determina-la suficiencia dos medios de vida a que se refire este punto.

3. A Administración poderá concederlle-lo permiso de residencia temporal ós estranxeiros que no seu momento obtivesen tal permiso e non o puidesen renovar, así como a aqueles que acrediten unha permanencia en territorio español durante un período mínimo de cinco anos. Regulamentariamente, determinaranse os requisitos para acceder á residencia temporal por esta vía, en especial polo que se refire á xustificación de medios económicos de subsistencia, e permanencia de forma continuada no territorio español.

4. Poderá outorgarse un permiso de residencia temporal cando concorran razóns humanitarias, circunstancias excepcionais ou cando se acredite unha situación de arraigo, nos supostos previstos regulamentariamente.

5. Para autoriza-la residencia temporal dun estranxeiro será preciso que careza de antecedentes penais en España ou nos seus países anteriores de residencia por delitos existentes no ordenamento español e non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos que España teña asinado un convenio en tal sentido. Valorarase, en función das circunstancias de cada suposto, a posibilidade de lles renova-lo permiso de residencia ós estranxeiros que fosen condenados pola comisión dun delito e cumprisen a condena, ós que fosen indultados, ou ós que se encontren na situación de remisión condicional da pena.

6. Os estranxeiros con permiso de residencia temporal estarán obrigados a pór en coñecemento do Ministerio do Interior os cambios de nacionalidade e domicilio.

7. Excepcionalmente, por motivos humanitarios ou de colaboración coa Xustiza, o Ministerio do Interior poderá eximir da obriga de obte-lo visado ós estranxeiros que se encontren en territorio español e cumpran os requisitos para obter un permiso de residencia. Cando a exención se solicite como cónxuxe de residente, deberanse reuni-las circunstancias dos artigos 17 e 18 e acredita-la convivencia polo menos durante un ano e que o cónxuxe teña autorización para residir polo menos outro ano.»

25. O número 2 do artigo 30 queda redactado como segue, pasando a ser 32:

«Artigo 32. *Residencia permanente.*

2. Terán dereito a residencia permanente os que tivesen residencia temporal durante cinco anos de forma continuada. Considerarase que a residencia foi continuada aínda que por períodos de vacacións ou outras razóns que se establezan regulamentariamente abandonasen o territorio nacional temporalmente. Con carácter regulamentario e excepcionalmente estableceranse os criterios para que non sexa esixible o citado prazo en supostos de especial vinculación con España.»

26. O artigo 31 queda redactado como segue, pasando a ser 33:

«Artigo 33. *Réxime especial dos estudantes.*

1. Terá a consideración de estudante o estranxeiro que veña a España co fin único ou principal de cursar ou ampliar estudos ou realizar traballos de investigación ou formación, non remunerados laboralmente, en calquera centro docente ou científico español, público ou privado, oficialmente recoñecido.

2. A duración da autorización de estancia polo Ministerio do Interior será igual á do curso para o que estea matriculado.

3. A autorización prorrogarase anualmente se o titular demostra que segue reunindo as condicións requiridas para a expedición da autorización inicial e que cumpre os requisitos esixidos polo centro de ensino ó que asiste, téndose verificado a realización dos estudos.

4. Os estranxeiros admitidos con fins de estudo non estarán autorizados para exercer unha actividade retribuída por conta propia nin allea. Sen embargo, na medida en que isto non limite a prosecución dos estudos, e nos termos que regulamentariamente se determinen, poderán exercer actividades remuneradas a tempo parcial ou de duración determinada.

Non obstante o disposto no artigo 10.2 desta lei, os estranxeiros admitidos con fins de estudo poderán ser contratados como persoal laboral ó servizo das administracións públicas nos termos e condicións previstos neste artigo.

5. A realización de traballo nunha familia para compensa-la estancia e mantemento nela mentres se melloran os coñecementos lingüísticos ou profesionais regularase de acordo co disposto nos acordos internacionais sobre colocación "au pair".»

27. O artigo 32 queda redactado como segue, pasando a ser 34:

«Artigo 34. *Residencia de apátridas, indocumentados e refuxiados.*

1. O ministro do Interior recoñecerálle-la condición de apátrida ós estranxeiros que, manifestando careceren de nacionalidade, reúnen os requisitos previstos na Convención sobre o Estatuto de Apátridas, feita en Nova York o 28 de setembro de 1954, e expedirálle-la documentación prevista no artigo 27 da citada Convención. O estatuto de apátrida comportará o réxime específico que regulamentariamente se determine.

2. O estranxeiro que se presente en dependencias do Ministerio do Interior manifestando que por calquera causa insuperable, distinta da apatridia, non pode ser documentado polas autoridades de ningún país e que desexa ser documentado por España, despois de practicada a pertinente información, poderá excepcionalmente obter, nos termos que regulamentariamente se determinen, un documento identificativo que acredite a súa inscrición nas referidas dependencias. En todo caso, denegarase a documentación solicitada cando o petionario estea incurso nalgún dos supostos do artigo 26.

Os estranxeiros que obtivesen a devandita inscrición e desexen permanecer en España, deberán insta-la concesión de permiso de residencia válido durante a vixencia do citado documento. Tamén poderán solicita-la concesión de permiso de traballo polo tempo sinalado, nas mesmas condicións cós demais estranxeiros.

Os que desexen viaxar ó estranxeiro serán ademais provistos dun título de viaxe.

3. A resolución favorable sobre a petición de asilo en España suporá o recoñecemento da condición de refuxiado do solicitante, o cal terá dereito a residir en España e a desenvolver actividades laborais, profesionais e mercantís de conformidade co disposto na Lei 5/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio, e a súa normativa de desenvolvemento. Esta condición suporá a súa non devolución nin expulsión nos termos do artigo 33 da Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados, feita en Xenebra o 28 de xullo de 1951.»

28. O artigo 33 queda redactado como segue, pasando a ser 35:

«Artigo 35. *Residencia de menores.*

1. Nos supostos en que os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado localicen un estranxeiro indocumentado do que non poida ser establecida con seguridade a minoría de idade, os servicios competentes de protección de menores daránlle a atención inmediata que precise, de acordo co establecido na lexislación de protección xurídica do menor, e o feito porase en coñecemento inmediato do Ministerio Fiscal, que disporá a determinación da súa idade, para o que colaborarán as institucións sanitarias oportunas que, con carácter prioritario, realizarán as probas necesarias.

2. Determinada a idade, se se tratase dun menor, o Ministerio Fiscal porao á disposición dos servicios competentes de protección de menores.

3. A Administración do Estado, conforme o principio de reagrupamento familiar do menor e logo de informe dos servicios de protección de menores, resolverá o que proceda sobre o retorno ó seu país de orixe ou aquel onde se encontrasen os seus familiares ou, no seu defecto, sobre a súa permanencia en España.

4. Considérase regular para tódolos efectos a residencia dos menores que sexan tutelados por unha Administración pública. Por instancia do organismo que exerza a tutela e unha vez quede acreditada a imposibilidade de retorno coa súa familia ou ó país de orixe, outorgaráselle un permiso de residencia, e os seus efectos retrotraeranse ó momento en que o menor fose posto á disposición dos servicios de protección de menores.

5. Os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado adoptarán as medidas técnicas necesarias para a identificación dos menores estranxeiros indocumentados, co fin de coñecer-las posibles referencias que sobre eles puidesen existir nalgunha institución pública nacional ou estranxeira encargada da súa protección. Estes datos non poderán ser usados para unha finalidade distinta da prevista neste punto».

29. O artigo 34 queda redactado como segue, pasando a ser 36:

«Artigo 36. *Autorización para a realización de actividades lucrativas.*

1. Os estranxeiros maiores de dezaseis anos, para exerceren calquera actividade lucrativa, laboral ou profesional, deberán obter, ademais do permiso de residencia ou autorización de estancia, unha autorización administrativa para traballar.

2. Cando o estranxeiro se propoña traballar por conta propia ou allea, exercendo unha profesión para a que se esixa unha titulación especial, a con-

cesión do permiso condicionarase á posesión e, se é o caso, homologación do título correspondente. Tamén se condicionará á colexiación, de o esixiren así as leis.

3. Os empregadores que desexen contratar un estranxeiro non autorizado para traballar deberán obter previamente, conforme o disposto no punto 1 deste artigo, autorización do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. A carencia da correspondente autorización por parte do empregador, sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar, non invalidará o contrato de traballo respecto ós dereitos do traballador estranxeiro.

4. Na concesión inicial da autorización administrativa para traballar poderán aplicarse criterios especiais para determinadas nacionalidades en función do principio de reciprocidade.»

30. O artigo 35 queda redactado como segue, pasando a ser 37:

«Artigo 37. *Permiso de traballo por conta propia.*

Para a realización de actividades económicas por conta propia, en calidade de comerciante, industrial, agricultor ou artesán, deberá acreditar ter solicitado a autorización administrativa correspondente, cando proceda, e cumprir tódolos requisitos que a lexislación vixente lles esixe ós nacionais para a apertura e funcionamento da actividade proxectada e obter do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a autorización prevista no artigo 36 desta lei.»

31. O artigo 36 queda redactado como segue, pasando a ser 38:

«Artigo 38. *O permiso de traballo por conta allea.*

1. Para a concesión inicial do permiso de traballo, no caso de traballadores por conta allea, terase en conta a situación nacional de emprego.

2. O permiso de traballo terá unha duración inferior a cinco anos e poderá limitarse a un determinado territorio, sector ou actividade.

3. O permiso de traballo renovarase no momento da súa expiración se:

a) Persiste ou se renova o contrato ou oferta de traballo que motivaron a súa concesión inicial, ou cando se conte cunha nova oferta de emprego nos termos que se establezan regulamentariamente.

b) Cando a autoridade competente, conforme a normativa da Seguridade Social, outorgase unha prestación contributiva por desemprego, polo tempo de duración da citada prestación.

c) Cando o estranxeiro sexa beneficiario dunha prestación económica asistencial de carácter público destinada a lograla súa inserción social ou laboral durante o prazo de duración desta.

d) Cando concorran as circunstancias que se establezan regulamentariamente. A partir da primeira concesión, os permisos concederanse sen ningunha limitación de ámbito xeográfico, sector ou actividade.»

32. O artigo 38 queda redactado como segue, pasando a ser 39:

«Artigo 39. *O continxente de traballadores estranxeiros.*

O Goberno, tendo en conta a situación nacional de emprego, as propostas que lle eleven as comunidades autónomas e logo de audiencia do Consello Superior de Política de Inmigración e das organizacións sindicais e empresariais máis representa-

tivas, establecerá anualmente, sempre que exista necesidade de man de obra, un contingente para este fin no que se fixará o número e as características das ofertas de emprego que se ofrecen a traballadores estranxeiros que non se atopan nin sexan residentes en España, con indicación de sectores e actividades profesionais. Para estes efectos, as propostas que poden elevar as comunidades autónomas incluírán o número de ofertas de emprego e as características profesionais dos traballadores.»

33. O artigo 39 queda redactado como segue, pasando a ser 40:

«Artigo 40. *Supostos específicos.*

Non se terá en conta a situación nacional de emprego cando o contrato de traballo ou a oferta de colocación vaian dirixidos:

- a) Á cobertura de postos de confianza nas condicións fixadas regulamentariamente.
- b) O cónxuxe ou fillo de estranxeiro residente en España cun permiso renovado.
- c) Os titulares dunha autorización previa de traballo que pretendan a súa renovación.
- d) Os traballadores necesarios para a montaxe por renovación dunha instalación ou equipos productivos.
- e) Os que gozasen da condición de refuxiados durante o ano seguinte á cesamento da aplicación da Convención de Xenebra de 1951, sobre o Estatuto de refuxiados polos motivos recollidos no seu artigo I.C.5.
- f) Os que fosen recoñecidos como apátridas e ós que perdesen a condición de apátridas o ano seguinte á terminación do dito estatuto.
- g) Os estranxeiros que teñan ó seu cargo ascendentes ou descendentes de nacionalidade española.
- h) Os estranxeiros nados e residentes en España.
- i) Os fillos ou netos de español de orixe.
- j) Os menores estranxeiros en idade laboral con permiso de residencia que sexan tutelados pola entidade de protección de menores competente, para aquelas actividades que, a criterio da mencionada entidade, favorezan a súa integración social, e unha vez acreditada a imposibilidade de retorno coa súa familia ou ó país de orixe.
- k) Os estranxeiros que obteñan o permiso de residencia polo procedemento previsto no artigo 31.3 da presente lei. Este permiso terá a duración dun ano.»

34. O artigo 40 queda redactado como segue, pasando a ser 41:

«Artigo 41. *Excepcións ó permiso de traballo.*

1. Non será necesaria a obtención de permiso de traballo para o exercicio das actividades seguintes:

- a) Os técnicos e científicos estranxeiros, convidados ou contratados polo Estado, as comunidades autónomas ou os entes locais.
- b) Os profesores estranxeiros convidados ou contratados por unha universidade española.
- c) O persoal directivo e o profesorado estranxeiros, de institucións culturais e docentes dependentes doutros estados, ou privadas, de acreditado prestixio, oficialmente recoñecidas por España, que desenvolven no noso país programas cul-

turais e docentes dos seus países respectivos, mentres limiten a súa actividade á execución de tales programas.

d) Os funcionarios civís ou militares das administracións estatais estranxeiras que veñan a España para desenvolver actividades en virtude de acordos de cooperación coa Administración española.

e) Os correspondentes de medios de comunicación social estranxeiros, debidamente acreditados, para o exercicio da actividade informativa.

f) Os membros de misións científicas internacionais que realicen traballos e investigacións en España, autorizados polo Estado.

g) Os artistas que veñan a España para realizen actuacións concretas que non supoñan unha actividade continuada.

h) Os ministros, relixiosos ou representantes das diferentes igrexas e confesións, debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas, mentres limiten a súa actividade a funcións estritamente relixiosas.

i) Os estranxeiros que formen parte dos órganos de representación, goberno e administración dos sindicatos homologados internacionalmente, sempre que limiten a súa actividade a funcións estrictamente sindicais.

j) Os españois de orixe que perdesen a nacionalidade española.

2. Regulamentariamente, establecerase o procedemento para acreditar a excepción.

3. Así mesmo, non terán que solicitar a obtención do permiso de traballo os estranxeiros en situación de residencia permanente establecida no artigo 32 desta lei orgánica.»

35. O artigo 41 queda redactado como segue, pasando a ser 42:

«Artigo 42. *Réxime especial dos traballadores de temporada.*

1. O Goberno regulará regulamentariamente o permiso de traballo para os traballadores estranxeiros en actividades de temporada ou campaña que lles permita a entrada e saída do territorio nacional de acordo coas características das citadas campañas e a información que lle subministren as comunidades autónomas onde se promovan.

2. Para conceder os permisos de traballo deberá garantirse que os traballadores temporeiros serán aloxados en condicións de dignidade e hixiene adecuadas.

3. As administracións públicas promoverán a asistencia dos servicios sociais adecuados.»

36. O artigo 42 queda redactado como segue, pasando a ser 43:

«Artigo 43. *Traballadores transfronteirizos e prestación transnacional de servizos.*

1. Os traballadores estranxeiros que, residindo na zona limítrofe, desenvolvan a súa actividade en España e regresen ó seu lugar de residencia diariamente, deberán obter a correspondente autorización administrativa, cos requisitos e condicións con que se conceden as autorizacións de réxime xeral.

2. Regulamentariamente, estableceranse as condicións para o permiso de traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos, de acordo coa normativa vixente.»

37. O artigo 43 queda redactado como segue, pasando a ser 44:

«Artigo 44. *Feito impoñible.*

1. As taxas rexeranse pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. Constitúe o feito impoñible das taxas a concesión das autorizacións administrativas e a expedición dos documentos de identidade previstos nesta lei, así como as súas prórrogas, modificacións e renovacións; en particular:

- a) A expedición de visados de entrada en España.
- b) A concesión de autorizacións para a prórroga da estancia en España.
- c) A concesión de permisos de residencia en España.
- d) A concesión de permisos de traballo.
- e) A concesión de tarxetas de estudos.
- f) A expedición de documentos de identidade de indocumentados.»

38. O artigo 44 queda redactado como segue, pasando a ser 45:

«Artigo 45. *Devengo.*

As taxas devengaranse cando se conceda a autorización, prórroga, modificación ou renovación, ou cando se expida o documento.»

39. O artigo 45 queda redactado como segue, pasando a ser 46:

«Artigo 46. *Suxeitos pasivos.*

1. Serán suxeitos pasivos das taxas as persoas en favor das cales se concedan as autorizacións ou se expidan os documentos previstos no artigo 44, salvo nos permisos de traballo por conta allea, caso no que será suxeito pasivo o empregador ou empresario.

2. Será nulo todo pacto polo que o traballador por conta allea asuma a obriga de pagar en todo ou en parte o importe das taxas establecidas pola concesión, renovación, modificación ou prórroga do contrato de traballo.»

40. O artigo 46 queda redactado como segue, pasando a ser 47:

«Artigo 47. *Exención.*

Non estarán obrigados ó pagamento das taxas pola expedición dos permisos de traballo os nacionais iberoamericanos, filipinos, andorráns, ecuatorianos, os sefardís, os fillos e netos de español ou española de orixe, e os estranxeiros nados en España, cando pretendan realizar unha actividade lucrativa, laboral ou profesional, por conta propia.»

41. O artigo 47 queda redactado como segue, pasando a ser 48:

«Artigo 48. *Contía das taxas.*

1. O importe das taxas establecerase por orde ministerial dos departamentos competentes.

2. As normas que determinen a contía das taxas deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financieira sobre o custo da actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía proposta, a cal deberá axustarse ó establecido nos artigos 7 e 19.2 da Lei 8/1989, do 13 de abril.

3. Considéranse elementos e criterios esenciais de cuantificación, que só poderán modificarse mediante norma do mesmo rango, os seguintes:

a) Na expedición dos visados de entrada en España, a limitación dos efectos do visado ó tránsito aeroportuario, a duración da estancia, o número de entradas autorizadas, así como, de se-lo caso, o feito de que se expida en fronteira. Tamén se terán en conta na determinación do importe desta tarifa os custos complementarios que se orixinen pola expedición de visados cando, por petición do interesado, deba facerse uso de procedementos tales como mensaxería, correo electrónico, correo urgente, telefax, telegrama ou conferencia telefónica.

b) Na concesión de autorizacións para a prórroga de estancia en España, a duración da prórroga.

c) Na concesión de permisos de residencia, a duración do permiso, así como o seu carácter definitivo ou temporal, e, dentro destes últimos, o feito de que se trate da primeira ou ulteriores concesións ou as súas renovacións.

d) Na concesión de permisos de traballo, a duración do permiso, a súa extensión e ámbito, o carácter e as modalidades da relación por conta allea, así como, de se-lo caso, o importe do salario pactado.

e) Na concesión de tarxetas de estudos, a duración do permiso e o feito de que se trate da primeira ou ulteriores concesións ou as súas renovacións.

En todo caso, será criterio cuantitativo das taxas o carácter individual ou colectivo dos permisos, prórrogas, modificacións ou renovacións.

4. Os importes das taxas por expedición de visados adecuaranse á revisión que proceda por aplicación do Dereito comunitario. Acomodaranse, así mesmo, ó importe que poida establecerse por aplicación do principio de reciprocidade.»

42. O artigo 48 queda redactado como segue, pasando a ser 49:

«Artigo 49. *Xestión, recadación e autoliquidación.*

1. A xestión e recadación das taxas corresponderalles ós órganos competentes nos distintos departamentos ministeriais para a concesión das autorizacións, modificacións, renovacións e prórrogas, e para a expedición da documentación a que se refire o artigo 44.

2. Os suxeitos pasivos das taxas estarán obrigados a practicar operacións de autoliquidación tributaria e a realiza-lo ingreso do seu importe no Tesouro cando así se prevexa regulamentariamente.»

43. O artigo 46 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre a potestade sancionadora, cambia a súa numeración, converténdose no artigo 50.

44. O artigo 47 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre tipos de infraccións, cambia a súa numeración, converténdose no artigo 51.

45. O artigo 51 queda redactado como segue, pasando a ser 52:

«Artigo 52. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

a) A omisión ou o atraso na comunicación ás autoridades españolas dos cambios de nacionalidade, de estado civil ou de domicilio, así como doutras circunstancias determinantes da súa situación laboral cando lles sexan esixibles pola normativa aplicable.

b) O atraso, ata tres meses, na solicitude de renovación das autorizacións unha vez que caducasen.

c) Encontrarse traballando en España sen ter solicitado autorización administrativa para traballar por conta propia, cando se conte con permiso de residencia temporal.»

46. O artigo 52 queda redactado como segue, pasando a ser 53:

«Artigo 53. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

a) Encontrarse irregularmente en territorio español, por non obter ou ter caducada máis de tres meses a prórroga de estancia, a autorización de residencia ou documentos análogos, cando foren esixibles, e sempre que o interesado non solicitase a renovación destes no prazo previsto regulamentariamente.

b) Encontrarse traballando en España sen obter permiso de traballo ou autorización administrativa previa para traballar, cando non conte con autorización de residencia válida.

c) Incurrir en ocultación dolosa ou falsidade grave no cumprimento da obriga de pór en coñecemento do Ministerio do Interior os cambios que afecten a nacionalidade, estado civil ou domicilio.

d) O incumprimento das medidas impostas por razón de seguridade pública, de presentación periódica ou de afastamento de fronteiras ou núcleos de poboación concretados singularmente, de acordo co disposto nesta lei.

e) A comisión dunha terceira infracción leve, sempre que nun prazo dun ano anterior fose sancionado por dúas faltas leves da mesma natureza.

f) A participación polo estranxeiro na realización de actividades contrarias á orde pública previstas como graves na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá.

g) As saídas do territorio español por postos non habilitados, sen exhibir a documentación prevista ou contravindo as prohibicións legalmente impostas.»

47. O artigo 53 queda redactado como segue, pasando a ser 54:

«Artigo 54. *Infraccións moi graves.*

1. Son infraccións moi graves:

a) Participar en actividades contrarias á seguridade exterior do Estado ou que poden prexudicarl as relacións de España con outros países, ou estar implicados en actividades contrarias á orde pública previstas como moi graves na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá.

b) Inducir, promover, favorecer ou facilitar, formando parte dunha organización con ánimo de lucro, a inmigración clandestina de persoas en tránsito ou con destino ó territorio español, sempre que o feito non constituía delito.

c) A realización de conductas de discriminación por motivos raciais, étnicos, nacionais ou relixiosos, nos termos previstos no artigo 23 desta lei, sempre que o feito non constituía delito.

d) A contratación de traballadores estranxeiros sen ter obtido con carácter previo o correspondente permiso de traballo, incorrendo nunha infracción por cada un dos traballadores estranxeiros ocupados.

e) A comisión dunha terceira infracción grave, sempre que nun prazo dun ano anterior fose sancionado por dúas faltas graves da mesma natureza.

2. Tamén son infraccións moi graves:

a) O transporte de estranxeiros por vía aérea, marítima ou terrestre, ata o territorio español, polos suxeitos responsables do transporte, sen que comprobasen a validez e vixencia, tanto dos pasaportes, títulos de viaxe ou documentos de identidade pertinentes, como, de se-lo caso, do correspondente visado, dos que deberán ser titulares os citados estranxeiros.

b) O incumprimento da obriga que teñen os transportistas de se faceren cargo sen perda de tempo do estranxeiro transportado que, por deficiencias na documentación antes citada, non fose autorizado a entrar en España.

Esta obriga incluírá os gastos de mantemento do citado estranxeiro e, se así o solicitan as autoridades encargadas do control de entrada, os derivados do transporte do estranxeiro, que deberá producirse de inmediato, ben por medio da compañía obxecto de sanción ou, no seu defecto, por medio doutra empresa de transporte, con dirección ó Estado a partir do cal o transportase, ó Estado que expedise o documento de viaxe co que viaxou ou a calquera outro Estado onde estea garantida a súa admisión.

O establecido nas dúas letras anteriores enténdese tamén para o caso en que o transporte aéreo ou marítimo se realice desde Ceuta ou Melilla ata calquera outro punto do territorio español.

3. Non obstante o disposto nos artigos anteriores, non se considerará infracción a esta lei o feito de transportar ata a fronteira española un estranxeiro que, tendo presentado sen demora a súa solicitude de asilo, esta élle admitida a trámite, de conformidade co establecido no artigo 4.2 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, modificada pola Lei 9/1994, do 19 de maio.»

48. O artigo 54 queda redactado como segue, pasando a ser 55:

«Artigo 55. *Sancións.*

1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas nos termos seguintes:

a) As infraccións leves, con multa de ata 50.000 pesetas.

b) As infraccións graves, con multa de 50.001 ata 1.000.000 de pesetas.

c) As infraccións moi graves, con multa desde 1.000.001 ata 10.000.000 de pesetas.

2. Corresponderalle ó subdelegado do Goberno ou ó delegado do Goberno nas comunidades uniprovinciais a imposición das sancións polas infraccións administrativas establecidas nesta lei orgánica.

Nos supostos cualificados como infracción leve do artigo 52.c), grave do artigo 53.b), cando se trate de traballadores por conta propia, e moi grave do artigo 54.1.d), o procedemento sancionador iniciarase por acta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo co establecido no procedemento sancionador por infraccións da orde social, e corresponderá-lle a imposición das sancións ás autoridades referidas no parágrafo anterior.

3. Para a graduación das sancións, o órgano competente para as impor axustarase a criterios

de proporcionalidade, valorando o grao de culpabilidade e, se é o caso, o dano producido ou o risco derivado da infracción e a súa trascendencia.

4. Para a determinación da contía da sanción terase especialmente en conta a capacidade económica do infractor.

5. A non ser que pertenzan a un terceiro non responsable da infracción, no suposto da letra b) do número 1 do artigo 54, serán obxecto de comiso os vehículos, embarcacións, aeronaves, e cantos bens mobles ou inmobles, de calquera natureza que sexan, servisen de instrumento para a comisión da citada infracción.

Co fin de garanti-la efectividade do comiso, os bens, efectos e instrumentos a que se refire a alínea anterior poderán ser aprehendidos e postos á disposición da autoridade gubernativa, desde as primeiras intervencións, a resultas do expediente sancionador que resolverá o pertinente en relación cos bens comisados.

6. No suposto da infracción prevista na letra d) do número 1 do artigo 54 desta lei, a autoridade gubernativa poderá adoptar, sen prexuízo da sanción que corresponda, a clausura do establecemento ou local desde seis meses a cinco anos.»

49. O artigo 52 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre prescrición das infraccións e das sancións, cambia a súa numeración, converténdose no artigo 56.

50. O artigo 56 queda redactado como segue, pasando a ser 57:

«Artigo 57. *Expulsión do territorio.*

1. Cando os infractores sexan estranxeiros e realicen conductas das tipificadas como moi graves, ou conductas graves das previstas nas letras a), b), c) d) e f) do artigo 53 desta lei orgánica, poderá aplicarse en lugar da sanción de multa a expulsión do territorio español, logo da tramitación do correspondente expediente administrativo.

2. Así mesmo, constituirá causa de expulsión, logo da tramitación do correspondente expediente, que o estranxeiro fose condenado, dentro ou fóra de España, por unha conducta dolosa que constituía no noso país delicto sancionado con pena privativa de liberdade superior a un ano, salvo que os antecedentes penais fosen cancelados.

3. En ningún caso poderán imporse conxuntamente as sancións de expulsión e multa.

4. A expulsión levará consigo, en todo caso, a extinción de calquera autorización para permanecer en España da que fose titular o estranxeiro expulsado.

5. A sanción de expulsión non poderá ser imposta, salvo que a infracción cometida sexa a prevista no artigo 54, letra a) do número 1, ou supoña unha reincidencia na comisión no prazo dun ano dunha infracción da mesma natureza sancionable coa expulsión, ós estranxeiros que se encontren nos seguintes supostos:

a) Os nados en España que residisen legalmente nos últimos cinco anos.

b) Os que teñan recoñecida a residencia permanente.

c) Os que fosen españois de orixe e perdesen a nacionalidade española.

d) Os que sexan beneficiarios dunha prestación por incapacidade permanente para o traballo como consecuencia dun accidente de traballo ou enfermidade profesional ocorridos en España, así como os que perciban unha prestación contributiva por

desemprego ou sexan beneficiarios dunha prestación económica asistencial de carácter público destinada a lograla súa inserción ou reinserción social ou laboral.

6. Tampouco poderán ser expulsados os cónxuxes dos estranxeiros, ascendentes e fillos menores ou incapacitados a cargo do estranxeiro que se encontre nalgunha das situacións sinaladas anteriormente e residisen legalmente en España durante máis de dous anos, nin as mulleres embarazadas cando a medida poida supor un risco para a xestación ou para a saúde da nai.

7. Cando o estranxeiro se encontre procesado ou inculcado nun procedemento por delitos castigados con penas privativas de liberdade inferiores a seis anos, o xuíz poderá autorizar, logo de audiencia do fiscal, a súa saída do territorio español, sempre que se cumpran os requisitos establecidos na Lei de axuízamento criminal, ou a súa expulsión, se esta resultase procedente, de conformidade co previsto nos parágrafos anteriores do presente artigo, logo da substanciación do correspondente procedemento administrativo sancionador.

Non serán de aplicación as previsións contidas no parágrafo anterior cando se trate de delitos tipificados nos artigos 312, 318 bis, 515.6.º, 517 e 518 do Código penal.

No suposto de que se trate de estranxeiros non residentes legalmente en España e que fosen condenados por sentenza firme, será de aplicación o disposto no artigo 89 do Código penal.

8. Cando os estranxeiros, residentes ou non, fosen condenados por conductas tipificadas como delitos nos artigos 312, 318 bis, 515.6.º, 517 e 518 do Código penal, a expulsión levarase a efecto unha vez cumprida a pena privativa de liberdade.

9. A resolución de expulsión deberalle ser notificada ó interesado, con indicación dos recursos que contra ela se poidan interpor, órgano ante o que deban presentarse e prazo para presentalos.»

51. O artigo 57 queda redactado como segue, pasando a ser 58:

«Artigo 58. *Efectos da expulsión e devolución.*

1. Toda expulsión levará consigo a prohibición de entrada en territorio español por un período mínimo de tres anos e máximo de dez.

2. Non será preciso expediente de expulsión para a devolución dos estranxeiros nos seguintes supostos:

a) Os que tendo sido expulsados contraveñan a prohibición de entrada en España.

b) Os que pretendan entrar ilegalmente no país.

3. No suposto de que formalicen unha solicitude de asilo as persoas que se encontren nalgún dos supostos mencionados na alínea anterior, non poderá levarse a cabo a devolución ata que se decida se inadmisión a trámite da petición, de conformidade coa normativa de asilo.

Tampouco poderán ser devoltas as mulleres embarazadas cando a medida poida supor un risco para a xestación ou para a saúde da nai.

4. A devolución será acordada pola autoridade gubernativa competente para a expulsión.

5. A devolución acordada en aplicación da letra a) do número 2 levará consigo a reiniciación do cómputo do prazo de prohibición de entrada que acordase a orde de expulsión quebrantada. Así mes-

mo, neste suposto, cando a devolución non se puidese executar no prazo de setenta e dúas horas, a autoridade gubernativa solicitará da autoridade xudicial a medida de internamento prevista para os expedientes de expulsión.»

52. O artigo 55 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre colaboración contra redes organizadas, cambia a súa numeración, converténdose no artigo 59.

53. O artigo 59 queda redactado como segue, pasando a ser 60:

«Artigo 60. *Retorno.*

1. Os estranxeiros ós que en fronteira non se lles permita o ingreso no país serán retornados ó seu punto de orixe no prazo máis breve posible. A autoridade gubernativa que acorde o retorno dirixirse ó xuíz de instrucción se o retorno fose atrasarse máis de setenta e dúas horas para que determine o lugar onde deban ser internados ata que chegue o momento do retorno.

2. Os lugares de internamento para estranxeiros non terán carácter penitenciario, e estarán dotados de servizos sociais, xurídicos, culturais e sanitarios. Os estranxeiros internados estarán privados unicamente do dereito ambulatorio.

3. O estranxeiro, durante o seu internamento, encontrarse en todo momento á disposición da autoridade xudicial que o autorizou, debéndolle comunicar a esta a autoridade gubernativa calquera circunstancia en relación coa situación dos estranxeiros internados.

4. A detención dun estranxeiro para efectos de retorno seralle comunicada ó Ministerio de Asuntos Exteriores e á embaixada ou consulado do seu país.»

54. O artigo 60 queda redactado como segue, pasando a ser 61:

«Artigo 61. *Medidas cautelares.*

1. Durante a tramitación do expediente sancionador no que se formule proposta de expulsión, a autoridade gubernativa competente para a súa resolución poderá acordar, por instancia do instructor e co fin de asegura-la eficacia da resolución final que puidese recaer, algunha das seguintes medidas cautelares:

a) Presentación periódica perante as autoridades competentes.

b) Residencia obrigatoria en determinado lugar.

c) Retirada do pasaporte ou documento acreditativo da súa nacionalidade, logo de entrega ó interesado de resguardo acreditativo de tal medida.

d) Detención cautelar, pola autoridade gubernativa ou os seus axentes, por un período máximo de setenta e dúas horas, previas á solicitude de internamento.

En calquera outro suposto de detención, a posta á disposición xudicial producirase nun prazo non superior a setenta e dúas horas.

e) Internamento preventivo, logo de autorización xudicial nos centros de internamento.

2. Nos expedientes sancionadores na comisión de infraccións por transportistas, se estes infrinxen a obriga de tomar a cargo o estranxeiro transportado ilegalmente, poderá acordarse a suspensión

das súas actividades, a prestación de fianzas, avais, ou a inmovilización do medio de transporte utilizado.»

55. O artigo 61 queda redactado como segue, pasando a ser 62:

«Artigo 62. *Ingreso en centros de internamento.*

1. Cando o expediente se refira a estranxeiros polas causas comprendidas nas letras a) e b) do número 1 do artigo 54, así como a), d) e f) do artigo 53, no que se vaia propo-la expulsión do afectado, a autoridade gubernativa poderalle propor ó xuíz de instrucción competente que dispoña o seu ingreso nun centro de internamento mentres se realiza a tramitación do expediente sancionador. A decisión xudicial en relación coa solicitude de internamento do estranxeiro pendente de expulsión adoptárase en auto motivado, logo de audiencia do interesado.

2. O internamento manterase polo tempo imprescindible para os fins do expediente, sen que en ningún caso poida exceder de corenta días, nin acordarse un novo internamento por calquera das causas previstas nun mesmo expediente. A decisión xudicial que o autorice, atendendo ás circunstancias concurrentes en cada caso, poderá fixar un período máximo de duración do internamento inferior ó citado.

3. Os menores nos que concorran os supostos previstos para o internamento serán postos á disposición dos servizos competentes de protección de menores. O xuíz de Menores, logo de informe favorable do Ministerio Fiscal, poderá autoriza-lo seu ingreso nos centros de internamento de estranxeiros cando tamén o estean os seus pais ou titores, o soliciten estes e existan módulos que garantan a intimidade familiar.

4. A incoación do expediente, as medidas cautelares de detención e internamento e a resolución final do expediente de expulsión do estranxeiro seranlles comunicadas ó Ministerio de Asuntos Exteriores e á embaixada ou consulado do seu país.»

56. O artigo 62 queda redactado como segue, pasando a ser 63:

«Artigo 63. *Procedemento preferente.*

1. A tramitación dos expedientes de expulsión, nos supostos das letras a) e b) do número 1 do artigo 54, así como as a), d) e f) do artigo 53, terá carácter preferente.

2. Cando das investigacións se deduza a oportunidade de decidi-la expulsión, daráselle traslado da proposta motivada por escrito ó interesado, para que alegue o que considere adecuado, no prazo de corenta e oito horas. Nos supostos en que se procedese á detención preventiva do estranxeiro, este terá dereito a asistencia letrada, que se lle proporcionará de oficio, se é o caso, e a ser asistido por intérprete, e de forma gratuítala en caso de carecer de medios económicos.

3. No suposto da letra a) do artigo 53, cando o estranxeiro acredite ter solicitado con anterioridade permiso de residencia temporal por situación de arraigo, conforme o disposto no artigo 31.4 desta lei, o órgano encargado de tramita-la expulsión continuará esta, se procede, polo procedemento establecido no artigo 57.

4. A execución da orde de expulsión nestes supostos efectuarase de forma inmediata.»

57. O artigo 63 queda redactado como segue, pasando a ser 64:

«Artigo 64. *Execución da expulsión.*

1. Unha vez notificada a resolución de expulsión, o estranxeiro estará obrigado a abandonar o territorio español no prazo que se fixe, que en ningún caso poderá ser inferior ás setenta e dúas horas, excepto nos casos en que se aplique o procedemento preferente. En caso de incumprimento, procederáse á súa detención e condución ata o posto de saída polo que se deba facer efectiva a expulsión. Se a expulsión non se puidese executar no prazo de setenta e dúas horas, poderá solicitarse a medida de internamento regulada nos artigos anteriores, que non poderá exceder de corenta días.

2. A execución da resolución de expulsión efectuarase por conta do estranxeiro se tivese medios económicos para iso. No caso contrario, comunicáraselle ó representante diplomático ou consular do seu país, para os efectos oportunos.

3. Suspenderase a execución da resolución de expulsión cando se formalice unha petición de asilo, ata que se inadmitise a trámite ou se resolverse, conforme o disposto na normativa de asilo.

4. Non será precisa a incoación de expediente de expulsión para proceder ó traslado, escoltados por funcionarios, dos solicitantes de asilo ós que lles fose inadmitida a trámite a solicitude, en aplicación da letra e) do artigo 5.6 da Lei 5/1984, do 26 de marzo, ó ser responsable outro Estado do exame da solicitude, de conformidade cos convenios internacionais en que España sexa parte, cando ese traslado se produza dentro dos prazos en que o Estado responsable ten a obriga de proceder ó estudio da solicitude.»

58. Engádesse un novo artigo co número 65, que queda redactado como segue:

«Artigo 65. *Carácter de susceptibles de recurso das resolucións sobre estranxeiros.*

1. As resolucións administrativas sancionadoras serán susceptibles de recurso de acordo co disposto nas leis. O réxime de executividade destas será o previsto con carácter xeral.

2. En todo caso, cando o estranxeiro non se encontre en España, poderá cursa-los recursos procedentes, tanto en vía administrativa como xurisdiccional, a través das representacións diplomáticas ou consulares correspondentes, que os remitirán ó organismo competente.»

59. Engádesse un novo artigo co número 66, que queda redactado como segue:

«Artigo 66. *Obrigas dos transportistas.*

Toda compañía, empresa de transporte ou transportista estará obrigado a:

a) Realiza-la debida comprobación da validez e vixencia, tanto dos pasaportes, títulos de viaxe ou documentos de identidade pertinentes, como, de se-lo caso, do correspondente visado, dos que deberán ser titulares os estranxeiros.

En razón das especiais circunstancias dos transportes terrestres, as obrigas a que se refire o parágrafo anterior serán aplicables exclusivamente ó transporte terrestre internacional de viaxeiros e só a partir do momento en que sexan establecidas regulamentariamente polo Goberno as modalidades, limitacións, esixencias e condicións do seu cumprimento.

b) Facerse cargo inmediatamente do estranxeiro que trasladase ata a fronteira aérea, marítima ou terrestre correspondente do territorio español, se a este se lle denegase a entrada por deficiencias na documentación necesaria para o cruzamento de fronteiras.

c) Transportar ese estranxeiro ben ata o Estado a partir do cal o transportase, ben ata o Estado que expedise o documento de viaxe co que viaxou, ou ben a calquera outro Estado onde estea garantida a súa admisión.»

60. O artigo 60 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre coordinación dos órganos da Administración do Estado, cambia a súa numeración, converténdose no novo artigo 67.

61. O artigo 61 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre o Consello Superior de Política de Inmigración, cambia a súa numeración, converténdose no novo artigo 68, engadíndose un número 3, que queda redactado como segue:

«Artigo 68.

3. O Goberno complementará e regulará, mediante real decreto, a composición, funcións e réxime de funcionamento do Consello Superior de Política de Inmigración.»

62. Engádesse un novo artigo co número 69, que queda redactado como segue:

«Artigo 69. *Apoio ó movemento asociativo dos inmigrantes.*

Os poderes públicos impulsarán o fortalecemento do movemento asociativo entre os inmigrantes e apoiarán os sindicatos, as organizacións empresariais e as organizacións non gobernamentais que, sen ánimo de lucro, favorezan a súa integración social, facilitándolles axuda económica, tanto a través dos programas xerais como en relación coas súas actividades específicas.»

63. Engádesse un novo artigo co número 70, que queda redactado como segue:

«Artigo 70. *O Foro para a Integración Social dos Inmigrantes.*

1. O Foro para a Integración Social dos Inmigrantes, constituído, de forma tripartita e equilibrada, por representantes das administracións públicas, das asociacións de inmigrantes e das organizacións sociais de apoio, entre elas os sindicatos de traballadores e organizacións empresariais con interese e implantación no ámbito inmigratorio, constitúe o órgano de consulta, información e asesoramento en materia de integración dos inmigrantes.

2. Regulamentariamente, determinarase a súa composición, competencias, réxime de funcionamento e adscrición administrativa.»

Artigo segundo. *Reforma da disposición adicional única da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e introducción dunha nova disposición adicional.*

A disposición adicional única da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, que

a continuación se relaciona, quedará redactada como segue, engadíndose ademais unha disposición adicional segunda:

1. Engádeselle un novo número á disposición adicional única que, ademais, pasa a se-la disposición adicional primeira:

«Disposición adicional primeira. *Prazo máximo para a resolución de expedientes.*

1. O prazo xeral máximo para notifica-las resoluciones das solicitudes de permisos que formulen os interesados a teor do previsto nesta lei será de tres meses, contados a partir do día seguinte ó da data en que tivesen entrada no rexistro do órgano competente para tramitalas. Transcorrido o prazo para notifica-las resoluciones das solicitudes, salvo o disposto no punto seguinte, estas poderán entenderse desestimadas.

2. As solicitudes de prórroga do permiso de residencia, así como a renovación do permiso de traballo, que formulen os interesados a teor do disposto nesta lei orgánica, resolveranse e notificaranse no prazo máximo de tres meses contados a partir do día seguinte ó da data en que tivesen entrada no rexistro do órgano competente para tramitalas. Transcorrido ese prazo sen que a Administración dese resposta expresa, entenderase que a prórroga ou renovación foron concedidas.»

2. Engádesse unha nova disposición adicional, redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Subcomisións de Cooperación.*

En atención á situación territorial e á especial incidencia do fenómeno migratorio e ás competencias que teñan recoñecidas nos seus respectivos estatutos de autonomía en materia de execución laboral e en materia de asistencia social, e en concordancia con estes, poderanse constituír subcomisións no seo das Comisións Bilaterais de Cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas, en concordancia co que prevexan os seus respectivos estatutos de autonomía, para analizar cuestións sobre traballo e residencia de estranxeiros que lles afecten directamente.

En particular, en atención á situación xeográfica do arquipélago canario, á fragilidade do seu territorio insular e ó seu afastamento do continente europeo, de acordo co establecido no artigo 37.1 do seu Estatuto de autonomía, no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Canarias-Estado constituirase unha subcomisión que coñecerá as cuestións que afecten directamente a Canarias en materia de residencia e traballo de estranxeiros.»

Artigo terceiro. *Reforma de títulos, capítulos e artigos da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.*

Modifícanse os seguintes títulos, capítulos e artigos da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social:

1. O título II, «Régime xurídico dos estranxeiros», comprende os artigos 25 a 49. O capítulo I, «Da entrada e saída do territorio español», comprende os artigos 25 a 28. O capítulo II, «Situacións dos estranxeiros», comprende os artigos 29 a 35. O capítulo III, «Do permiso de traballo e réximes especiais», comprende os artigos 36 a 43. O capítulo IV, cunha rúbrica modificada pola

seguinte «Das taxas por autorizacións administrativas», comprende os artigos 44 a 49.

2. O título III, «Das infraccións en materia de estranxeiría e o seu réxime sancionador», comprende os artigos 50 a 66.

3. O título IV, «Coordinación dos poderes públicos», comprende os artigos 67 a 70.

4. O artigo 22 da Lei orgánica 4/2000 pasa a ser artigo 24.

Disposición adicional primeira. *Código penal.*

Os ministerios de Xustiza e do Interior adoptarán as medidas necesarias para que a Comisión Técnica, constituída no seo do Ministerio de Xustiza para o estudo da reforma do sistema de penas do Código penal, examine as modificacións necesarias en relación cos delitos de tráfico ilegal de persoas, en particular nos casos nos que interveñan organizacións que, con ánimo de lucro, favorezan o dito tráfico.

Disposición adicional segunda.

Modifícase o artigo 89 do Código penal mediante a adición deste novo punto:

«4. As disposicións establecidas nos puntos anteriores non serán de aplicación ós estranxeiros que fosen condenados pola comisión de delitos a que se refiren os artigos 312, 318 bis, 515.6.º, 517 e 518 do Código penal.»

Disposición transitoria primeira. *Validez dos permisos vixentes.*

1. Os distintos permisos ou tarxetas que habilitan para entrar, residir e traballar en España as persoas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei que teñan validez no momento da súa entrada en vigor, conservaran polo tempo para o que fosen expedidas.

2. As solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei tramitaranse e resolveranse conforme a normativa vixente no momento da solicitude, salvo que o interesado solicite a aplicación do previsto na presente lei.

3. Na súa renovación, os titulares de permiso de traballo B inicial poderán obter un permiso de traballo C, e os permisos de traballo B renovado ou C, un permiso permanente. Regulamentariamente, establecerase a táboa de equivalencias cos permisos anteriores á lei.

Disposición transitoria segunda. *Normativa aplicable a procedemento en curso.*

Os procedementos administrativos en curso tramitaranse e resolveranse de acordo coa normativa vixente no momento da iniciación, salvo que o interesado solicite a aplicación desta lei.

Disposición transitoria terceira. *Taxas.*

En tanto non se desenvolven as previsións establecidas no capítulo IV do título II, seguirán en vigor as normas reguladoras das taxas por concesión de permisos e autorizacións de estranxeiría, así como as súas modificacións, prórrogas e renovacións.

Disposición transitoria cuarta.

O Goberno, mediante real decreto, establecerá os requisitos que permitan, sen necesidade de presentar nova documentación, a regularización dos estranxeiros

que se encontren en España e que, tendo presentado solicitude de regularización ó abeiro do previsto no Real decreto 239/2000, do 18 de febreiro, a visen denegada, exclusivamente, por non cumpriren o requisito de se encontraren en España antes do 1 de xuño de 1999.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan a esta lei.

2. Queda igualmente derogada a letra D do artigo 5.III da Lei 7/1987, do 29 de maio, de taxas consulares.

Disposición derradeira primeira. *Artigos con rango de lei orgánica.*

1. Teñen carácter orgánico os seguintes preceptos da Lei 4/2000, segundo a numeración que establece esta lei: os contidos no título I, salvo os artigos 10, 12, 13 e 14; do título II, os artigos 25 e 31.2 e do título III, os artigos 53, 54.1 e 57 a 64. Así mesmo, teñen carácter orgánico as disposicións adicional segunda, derogatoria e o punto primeiro desta disposición derradeira primeira da presente lei, así como as disposicións derradeiras primeira a terceira da Lei 4/2000.

2. Os preceptos desta lei que non teñan carácter orgánico entenderanse dictados ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 2.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. Regulamento da lei.

O Goberno, no prazo de seis meses desde a publicación desta lei orgánica, aprobará o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Disposición derradeira terceira. *Información sobre a lei a organismos e organizacións interesados.*

Desde o momento da entrada en vigor desta lei, o Goberno adoptará as medidas necesarias para informar sobre a aplicación da normativa anterior que supón a aprobación desta lei orgánica.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación de créditos.*

O Goberno dictará as disposicións necesarias para facer fronte ós gastos orixinados pola aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor ó mes da súa completa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23661 *LEI ORGÁNICA 9/2000, do 22 de decembro, sobre medidas urxentes para a axilización da Administración de Xustiza, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.* («BOE» 307, do 23-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A modernización da Xustiza que a sociedade española demanda constitúe un ambicioso obxectivo que, co concurso de tódalas institucións e persoas relacionadas co seu funcionamento, debe propiciar, en último e fundamental termo, a mellor salvagarda dos dereitos e liberdades dos cidadáns. A reforma que iso precisa debe ser obxecto de coidadoso estudo e reflexión. Non obstante, hai algunhas medidas que, polo seu carácter urxente, deben ser acometidas con prontitude e que supoñen modificacións parciais da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

O elevado número de vacantes de xuíces e maxistrados titulares nos órganos xudiciais esixe actuacións inmediatas que aseguren, no maior grao posible, a atención da demanda dos cidadáns, que reclaman unha xustiza máis áxil, diminuíndo os atrasos, dilacións, recursos e incrementos de custos que a actual situación provoca.

Con tal finalidade, esta lei orgánica propicia, en primeiro lugar, a unificación do procedemento selectivo, en fase de oposición, para o ingreso nas carreiras xudicial e fiscal, con probas e tribunais únicos, de xeito que se evite a situación ata agora existente de que estas persoas superen ámbolos dous procesos selectivos coa perda de efectivos que iso leva consigo para unha e outra carreira. Trala oposición, e dado que a unidade desta fase do proceso de selección non afecta en modo ningún á dualidade e separación das carreiras xudicial e fiscal, que se mantén, os aprobados incorporaranse á Escola Xudicial ou ó Centro de Estudos Xurídicos da Administración de Xustiza mediante a opción voluntaria de cada aspirante en función da puntuación obtida e o número de prazas ofertadas.

Por outra parte, ata que se produza o desexado ingreso de novos xuíces en número suficiente, resulta aconsellable ampliar, con carácter transitorio, a idade de xubilación forzosa dos membros da carreira xudicial ata os 72 anos, e ata os 75 anos a limitación para ser proposto para actuar como maxistrado suplente contida no artigo 201.1 da Lei orgánica do Poder Xudicial; tamén se establece a denominación de maxistrado emérito para quen desempeñe estas funcións procedendo da carreira xudicial.

Así mesmo, a duración do curso teórico e práctico de selección e formación na Escola Xudicial cifrado hoxe en dous anos adáptase, pola necesidade de contar perentoriamente con xuíces titulares, de forma que, sen que iso comporte un prexuízo no proceso de formación ó se estableceren ó mesmo tempo medidas complementarias, resulte posible cubrir un número importante de vacantes con xuíces profesionais.

Co mesmo propósito de axilización e para optimiza-lo desempeño da tarefa xurisdiccional nos tribunais superiores de xustiza, revese a posible adscrición dos maxistrados dunhas salas a outras, cando así o aconselle a diferente carga de traballo, mediante proposta da sala de goberno correspondente.